



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

Xefatura Territorial de Pontevedra - Sede Vigo
Servizo de Orientación e Promoción Laboral

Edificio Administrativo da Xunta de Galicia

Concepción Arenal, 8, andar 2

36201 Vigo

Sección Obradoiros de Emprego

Teléfonos: 986 817 033 // 986 817 022

BASES DO PROCESO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO-TRABALLADOR PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DE EMPREGO “HOSTALERÍA RÍO PEQUENO II” (SOUTOMAIOR / PAZOS DE BORBÉN)

Primeira.- OBXECTO.

Estas bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto nos artigos 10º e 11º da orde do 17 de abril de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2019 (DOG 9-05-2019), a determinación do sistema, procedemento, requisitos e baremos das probas que se aplicarán no proceso de selección dos alumnos-traballadores participantes no citado proxecto, promovido polo concello de SOUTOMAIOR e subvencionado pola antedita consellería.

As prazas de alumnado-traballador que se convocan son:

10 prazas na especialidade de **OPERACIÓNS BÁSICAS DE RESTAURANTE BAR / SERVIZOS DE RESTAURANTE** Nivel 1

10 prazas na especialidade de **OPERACIÓNS BÁSICAS DE COCINA** Nivel 1

Segunda.- OBRIGAS DOS SELECCIONADOS.

- Asistir e seguir con aproveitamento as ensinanzas teórico-prácticas.
- Asistir e seguir con aproveitamento as ensinanzas básicas e complementarias no caso de que non posuیر a titulación do Graduado Escolar ou Graduado en ESO.
- Respectar as normas de réxime interior establecidas polos órganos colexiados unipersonais do obradoiro de emprego legalmente constituídos.
- Aceitar o posto de traballo que a través do obradoiro de emprego se lle poida xestionar.

Terceira.-RELACIÓN XURÍDICA DO ALUMNADO-TRABALLADOR PARTICIPANTES COA ENTIDADE PROMOTORA DO OBRADOIRO DE EMPREGO.

1. Desde o inicio da súa participación no obradoiro de emprego, os alumnos- traballadores seleccionados polo grupo de traballo mixto serán contratados pola entidade promotora na modalidade de contrato para a formación e aprendizaxe.

2. Os contratos de traballo serán a xornada completa e non poderá exceder a data de remate do obradoiro de emprego (o proxecto terá unha duración de nove meses).

Cuarta.-REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

. REQUISITOS XERAIS:

1. Posuیر a capacidade funcional así como a capacidade física para o normal aprendizaxe das ensinanzas a impartir con ocasión do desenvolvemento do proxecto formativo.

2. Adaptabilidade á oferta dos postos que se van desempeñar.



Xacobeo 2021

José Sáenz

Antía López

galicia



b) REQUISITOS MÍNIMOS:

1. Ter 18 ou máis anos de idade.
2. Estar desempregado, entendéndose nesta situación ás persoas demandantes de emprego rexistradas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego.
3. Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación e aprendizaxe, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao obradoiro de emprego, desde a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto no artigo 11.2 e na disposición adicional segunda do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.
4. Cando a formación a impartir no proxecto vaia dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 2 ou 3, cumplir os requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan ditos certificados.

c) REQUISITOS PREFERENTES:

- Persoa que tendo previsto a realización deste tipo de medida no seu itinerario de inserción profesional, teñan especiais dificultades de inserción no mercado de traballo, tales como:
 - Emigrantes retornados
 - Mulleres en xeral.
 - Mulleres vítimas de violencia.
 - Persoas que esgotaran as prestacións e subsidios por desemprego.
 - Persoas paradas de longa duración.
 - Persoas maiores de 45 anos.
 - Persoas que carecen de títulos universitarios e de FP de grao superior, excepto para os certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 3.
 - Persoas con discapacidade sempre que poidan realizar os traballos.
 - Persoas beneficiarias do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia.
 - Idoneidade ó posto de traballo segundo resulte da análise da súa vida laboral.

NOTA: Terán prioridade absoluta as mulleres vítimas de violencia doméstica, incorporadas e beneficiarias do programa de fomento de inserción laboral de mulleres vítimas de violencia, debidamente xustificada (Orde do 2 de maio de 2006-DOG do 10 de maio de 2006).



Xacobeo 2021

J. Sádol

Cynthia Pérez

galicia



d) CAUSAS DE EXCLUSIÓN:

1. Incumprir os requisitos mínimos
2. Falta de documentación acreditativa
3. A participación noutro programa mixto de emprego e formación.
4. Falsear os datos do cuestionario.
5. A expulsión doutro programa de formación en alternancia co emprego.

Quinta.- SISTEMA DE ADMISIÓN: OFERTA DE EMPREGO TRAMITADA Á OFICINA DE EMPREGO.

1. A OFERTA DE EMPREGO, que será elaborada polo grupo de traballo mixto e asinada polo seu presidente ou en quien delegue, tramitarase a partir do vindeiro 17 de outubro de 2019

a) ÁMBITO XEOGRÁFICO: **Concello/os da entidade promotora do proxecto.** De non atoparse candidatos suficientes (tres por posto), ampliarase a sondaxe, cos mesmos requisitos, aos concellos limítrofes, dando prioridade a aqueles concellos que non teñan proxectos de obradoiros de emprego.

b) REQUISITOS ALUMNOS: os requisitos establecidos na base cuarta.

c) Número de candidatos a remitir: **3 por posto**, cun nivel profesional de **PEÓN, AXUDANTE OU OFICIAL DE 3^a**.


2. Realizada a sondaxe, a oficina de emprego comunicará ós candidatos a data e lugar no que deberán comparecer para realizar a SOLICITUDE, e a achega imprescindible dos seguintes documentos:

- Fotocopia do DNI actualizado.
- Vida laboral actualizada (áinda que non teña experiencia laboral)
- Acreditación da maior Titulación académica adquirida.
- Acreditación das Competencias Clave adquiridas (se é o caso).
- Acreditación do seu grao e tipo de discapacidade (se é o caso).
- Informe de Servizos Sociais en caso de pertenza a colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social.
- Acreditación de ter prevista a realización deste tipo de medidas (obradoiros de emprego) no seu Itinerario de Inserción Profesional (se é o caso).

Con carácter xeral, delegarase a realización das solicitudes na Entidade Promotora. Os representantes de dita entidade, no grupo mixto de traballo, estarán presentes o día da realización das solicitudes e a recollida de documentación, e atenderán calquera dúbida



Xacobeo 2021







galicia



As **SOLICITUDES** realizaranse o **día 4 /novembro /19** tendo que presentar nese momento **imprescindiblemente** a documentación necesaria para acreditar os requisitos, sendo motivo de exclusión a falta de dita documentación.

A entidade promotora presentará tódalas solicitudes e documentación pertinente para a súa valoración conxunta polo grupo de traballo mixto.

A **lista de candidatos** que pasan a fase de entrevista, exporase na oficina de emprego e na entidade promotora.

Sexta.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

1. O sistema de selección constará dunha primeira fase que consistirá na celebración dunha entrevista persoal, co obxecto de avaliar o interese dos desempregados en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adegauación ás singularidades do proxecto formativo e a adaptabilidade á oferta dos postos que se van desempeñar. Terá un valor máximo de 18 puntos.

Pasarán á fase de entrevista os candidatos, enviados pola oficina de emprego, que realicen a solicitude e cumpran cos requisitos establecidos nestas bases reguladoras do proceso de selección.

Se, unha vez avaliadas as solicitudes, quedan menos de dúas persoas por praza, o grupo de traballo mixto poderá citar a máis candidatos para contar con dúas persoas por praza nesta fase de entrevista, co fin de garantir a correcta selección dos participantes.

As puntuacións da fase de entrevista publicarase nos taboleiros da entidade promotora e nos da oficina de emprego.

2. Complementarase cunha segunda fase de avaliación das circunstancias persoais e profesionais dos candidatos, por medio dun baremo. ANEXO I. A puntuación máxima correspondente ao baremo será de 18 puntos.

A declaración provisional das puntuacións desta segunda fase farase nunha sesión do grupo de traballo. Da sesión realizada estenderase a correspondente acta na que figurarán as puntuacións provisionais outorgadas segundo o baremo.

Exporase a relación provisional destas puntuacións nos taboleiros da entidade promotora e nos da oficina de emprego. Nesta relación figurará o día que se concede para formular alegacións á valoración segundo o baremo e data de exposición da relación definitiva do proceso de selección.

Sétima.- VALORACIÓN FINAL.

1. Finalizadas as referidas actividades selectivas, o grupo de traballo na



correspondente sesión, procederá á súa calificación final (titular da especialidade / suplente / non seleccionado/ non presentado). Da sesión estenderase a correspondente acta de selección.

2. A relación dos admitidos e excluídos para participar no obradoiro de emprego como traballadores beneficiarios do proxecto, coa indicación das especialidades formativas ás que son adscritos será exposta nos taboleiros da entidade promotora e no da oficina de emprego na que foi realizada a sondaxe.

Oitava.- CRITERIOS PARA DIRIMIR EMPATES.

Os criterios para dirimir os empates, en cada unha das fases do proceso de selección dos participantes no proxecto formativo como alumnos-traballadores, serán:

1. Teñan o menor nivel académico
2. Teñan a menor idade.
3. Teñan menor protección de desemprego.

Novena.- LISTA DE RESERVA.

1. Esta lista empregarase para cubrir as vacantes que se produzcan unha vez iniciada a prestación da actividade polos inicialmente seleccionados.
2. No suposto de que a lista de reserva esgotárase ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa incorporación ao proxecto formativo, procederase a iniciar un novo procedemento selectivo.

Décima.- INCIDENCIAS E RECLAMACIONES.

1. De conformidade co previsto polo artigo 14º orde do 17 de abril de 2019 (DOG 09-05-2019) da Consellería de Economía, Emprego e Industria, non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas Administracións Públicas, áinda que a entidade promotora sexa un organismo público.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

Xefatura Territorial de Pontevedra - Sede Vigo
Servizo de Orientación e Promoción Laboral

Edificio Administrativo da Xunta de Galicia
Concepción Arenal, 8, andar 2
36201 Vigo
Sección Obradoiros de Emprego
Teléfonos: 986 817 033 // 986 817 022

2. O grupo de traballo mixto resolverá as incidencias e reclamacións que puideren derivarse do proceso de selección, sen que caiba ulterior recurso en vía administrativa.


Redondela, 16 de outubro de 2019

Pola entidade promotora:


Asdo.: M^a Cynthia López Castellano


Asdo.: M^a Isabel Fragueiro Piñeiro

Pola Consellería de Economía, Emprego e Industria


Asdo.: Sandra Santos Millet


Asdo.: Flora González Carracedo



ANEXO I

BAREMO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO DOS OBRADOIROS DUAIS DE EMPREGO

1.- MULLERES

- .En xeral1 pto.

2.- IDADE

- . 18 - 29 anos4 ptos.
. 30 - 44 anos2 ptos.
. 45 ou máis3 ptos

3.- DISCAPACIDADE

- Minusvalía ≥ 33%1 pto.
(Sempre que poidan realizar os traballos)

4.- PROTECCIÓN DE DESEMPREGO

- Perceptores de desemprego1 pto.
• Perceptores de subsidio ou axudas*.....2 ptos.
• Non perceptores3 ptos.

* RAI, PREPARA ,ACTIVA , RISGA.....

5.- TEMPO DE DESEMPREGO DESDE O ÚLTIMO TRABALLO (segundo vida laboral actualizada)

Se non hai anotacións en vida laboral, a referencia será a data de inscrición como demandante

- Menos de 12 meses1 pto.
• Máis de 12 meses2 ptos.

• Máis de 18 meses...3 ptos.

6.- PERTENZA A COLECTIVOS DESFAVORECIDOS OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL

- Colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social:1 pto.

Factores ponderados polos servizos sociais comunitarios no contexto persoal, familiar e social da persoa que condicione negativa e gravemente a súa inclusión social e laboral.
Informe de servizos sociais.

7.- FORMACIÓN ACADÉMICA

- Ata graduado en ESO..... 3 ptos.
• Bacharelato/BUP e FP ciclo medio..... 2 ptos.
• FP de ciclo superior..... 1 pto.
• Títulos universitarios0,5 ptos.

8.- OUTROS

Ter prevista a realización deste tipo de medida no seu Itinerario de Inserción Profesional (IPI).....2 ptos

(Certificado da oficina de emprego de ter previsto no seu IPI a realización deste tipo de medida)

- ◆ De non aportar documentación non será valorado o apartado correspondente



Xacobeo 2021

J. Ll. Subal

Antónia López

galicia